XUNTA DE GOBERNO LOCAL, DE DATA VINTEDOUS DE SETEMBRO DE DOUS MIL DEZASEIS

SRES/AS ASISTENTES: **SR ALCALDE-PRESIDENTE:** JOSÉ M. BLANCO SUÁREZ **SRES/AS CONCELLEIROS/AS:** D/Dª MARIAN FERREIRO DIAZ D/Dª GUILLERMO SANCHEZ FOJO D/Dª MANUEL ANTONIO RAMOS RODRIGUEZ D/Dª NATALIA HERMIDA RICO D/Dª M.DEL MAR GOMEZ CASAL D/Dª CATALINA MARIA GARCIA BLANCO D/Dª PABLO VILLAMAR DIAZ **SR. INTERVENTOR ACCTAL:** D/Dª MANUEL G.ANTON VILLAMIL **SR. SECRETARIO XERAL:** D/Dª ALFONSO DE PRADO FERNÁNDEZ-CANTELI	Na casa do Concello de Narón, ás 11:00 do vintedous de setembro de dous mil dezaseis, baixo a presidencia do Sr. ALCALDE-PRESIDENTE, JOSÉ M. BLANCO SUÁREZ, reúnese a Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria. Asisten os/as corporativos/as que se sinalan á marxe. Actúa de secretario ALFONSO DE PRADO FERNÁNDEZ-CANTELI,O SECRETARIO XERAL. Aberta a sesión de orde da presidencia adoptáronse os acordos seguintes:

1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR

Dada conta da acta da sesión anterior, a Xunta de Goberno Local, deulle a súa aprobación.

2 .- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE NARÓN E A ENTIDADE DEPORTIVA CLUB NARÓN VOLEA.

.- Vista a proposta formulada que di asi: O administrador-xerente, con data 13 de setembro de 2016, ditou o informe proposta, que textualmente transcrito di:

"INFORME-PROPOSTA PARA A XUNTA DE GOBERNO LOCAL

De conformidad co establecido no Artigo 175 do RD 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, e seguindo instrucións despois das conversas co concelleiro/delegado de Deportes, a tal respecto formúlase o seguinte ***INFORME-PROPOSTA***

A) ANTECEDENTES

O Concello de Narón a través do Servizo de Deportes ten entre o seus obxectivos a promoción da práctica deportiva e o establecemento de relacións de cooperación con todas as entidades existentes no Concello co fin de potenciar o desenvolvemento da actividade deportiva.

Logo de ver que nos Orzamentos para o ano 2016, figura na Base 45 – Transferencias Nominativas de varios Convenios Deportivos, entre as que figura a do Club Narón Volea.

Logo de ver que o Club Narón Volea presentou no Servizo de Deportes a seguinte documentación:

- *Proxecto de actividades a realizar pola Entidade.*
- *Certificación do acordo de solicitude e nomeamento de representante.*
- *Declaración de non estar incurso en incompatibilidade ou incapacidade.*
- *Declaración responsable dos seguros que posue o Club e certificación da Compañía Aseguradora.*
- *Declaración responsable da estructura do Club.*
- *Informe do Rexistro de Entidades conforme a Entidade atópase actualizada.*
- *Certificacións da Axencia Estatal da Administración Tributaria, da Tesourería da Seguridade Social, da Tesourería do Concello de Narón e da Axencia Tributaria de Galicia, conforme está o corrente das súas obrigas.*

B) CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

- *Segundo Informe Xurídico emitido en data 13 de setembro de 2016.*

CONCELLO DE NARÓN
Praza de Galicia, s.n. · 15570 · Narón · A Coruña · CIF: P 1505500 G · Tel.: 981 337700 · Fax: 981337701 · www.naron.es

- *Informe do Administrador-Xerente do Servizo de Deportes, conforme o Club cumpre con todos os requisitos estipulados para aceder ó dito convenio.*

C) INFORME-PROPOSTA

A vista dos antecedentes expostos e da normativa citada nos apartados anteriores, emítese a seguinte proposta:

- Aprobar o Convenio de Colaboración entre o Concello de Narón e a entidade Club Narón Volea para o desenvolvemento das actividades do dito Club, con cargo á partida orzamentaria 10-34100-48000. O texto do convenio achégase xunto coa presente proposta.

Non obstante, a Xunta de Goberno Local adoptará o acordo que estime máis oportuno."

Visto que a Intervención Xeral, fiscalizou de conformidade o informe-proposta do Administrador-xerente do Servizo de Deportes de data 13 de setembro de 2016, o Concelleiro/delegado de Deportes por Resolución da Alcaldía , de data 2 de xullo de 2015

PROPON A XUNTA DE GOBERNO LOCAL

- Aprobar a proposta transcrita nos seus propios termos.

VOTACIÓN E ACORDO.- A Xunta de Goberno Local, por unanimidade e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita.

3 .- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE NARÓN E A ENTIDADE DEPORTIVA CLUB TENIS DE MESA CIDADE DE NARÓN .

.- Vista a proposta formulada que di asi: O administrador-xerente, con data 13 de setembro de 2016, ditou o informe proposta, que textualmente transcrito di:

"INFORME - PROPOSTA PARA A XUNTA DE GOBERNO LOCAL

De conformidad co establecido no Artigo 175 do RD 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, e seguindo instrucións despois das conversas co concelleiro/delegado de Deportes, a tal respecto formúlase o seguinte ***INFORME-PROPOSTA***

A) ANTECEDENTES

O Concello de Narón a través do Servizo de Deportes ten entre o seus obxectivos a promoción da práctica deportiva e o establecemento de relacións de cooperación con todas as entidades existentes no Concello co fin de potenciar o desenvolvemento da actividade deportiva.

Logo de ver que nos Orzamentos para o ano 2016, figura na Base 45 – Transferencias Nominativas de varios Convenios Deportivos, entre as que figura a do Club Tenis de Mesa Cidade de Narón .

Logo de ver que segundo o Informe do Rexistro de Entidades do Concello de Narón, o Club Tenis de Mesa Cidade de Narón, ten os seus datos actualizados.

Logo de ver que o Club Tenis de Mesa Cidade de Narón presentou no Servizo de Deportes a seguinte documentación:

- *Proxecto de actividades a realizar pola Entidade.*
- *Certificación do acordo de solicitude e nomeamento de representante.*
- *Declaración de non estar incurso en incompatibilidade ou incapacidade.*
- *Declaración responsable dos seguros que posue o Club e certificación da Compañía Aseguradora.*
- *Declaración responsable da estructura do Club.*
- *Certificacións da Axencia Estatal da Administración Tributaria, da Tesourería da Seguridade Social, da Tesourería do Concello de Narón e da Axencia Tributaria de Galicia, conforme está o corrente das súas obrigas.*

A citada entidade, Club Tenis de Mesa Cidade de Narón, comunicou no mes de Setembro, a este Servizo de Deportes, que non solicitou o Aval correspondente, para asinar o citado Convenio.

B) CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

- *Segundo Informe Xurídico emitido en data 13 de setembro de 2016.*
- *Informe do Administrador-Xerente do Servizo de Deportes, conforme o Club cumpre con todos os requisitos estipulados para aceder ó dito convenio.*

C) INFORME-PROPOSTA

A vista dos antecedentes expostos e da normativa citada nos apartados anteriores, emítese a seguinte proposta:

- Aprobar o Convenio de Colaboración entre o Concello de Narón e a entidade Club Tenis de Mesa Cidade de Narón para o desenvolvemento das actividades do dito Club, con cargo á partida orzamentaria 10-34100-48000. O texto do convenio achégase xunto coa presente proposta.

CONCELLO DE NARÓN
Praza de Galicia, s.n. · 15570 · Narón · A Coruña · CIF: P 1505500 G · Tel.: 981 337700 · Fax: 981337701 · www.naron.es

Non obstante, a Xunta de Goberno Local adoptará o acordo que estime máis oportuno"

Visto que a Intervención Xeral, fiscalizou de conformidade o informe-proposta do Administrador-xerente do Servizo de Deportes de data 13 de setembro de 2016, o Concelleiro/delegado de Deportes por Resolución da Alcaldía , de data 2 de xullo de 2015

PROPON A XUNTA DE GOBERNO LOCAL

VOTACIÓN E ACORDO.- A Xunta de Goberno Local, por unanimidade e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita.

4 **.- PROPOSTA DE APROBACIÓN DA CONVOCATORIA DE CONCESIÓN DE SUBVENCIÓNS A ASOCIACIÓNS E OUTRAS ENTIDADES DE ÁMBITO MUNICIPAL CORRESPONDENTE AO EXERCICIO 2016.**.- Vista a proposta formulada que di asi: A Xefa do Servizo Sociocomunitario, Yolanda Martínez García, con data 19 de setembro de 2016 ditou o informe proposta que textualmente di así:

"Asunto: *Aprobación da convocatoria de concesión de subvencións a asociacións e outras entidades de ámbito municipal correspondente ao exercicio 2016*

ANTECEDENTES

O Concello Pleno en sesión celebrada o dia 22 de decembro de 2015 aprobou a Ordenanza Xeral Municipal de Subvencións do Concello de Narón, publicada no BOP o 24 de decembro de 2015.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

- *Lei 38/2003 de 17 de decembro, Xeral de subvencións e a normativa que a desenvolve.*
- *R.D. 887/2006 de 21 de xullo, Regulamento que desenvolve a Lei 38/2003.*
- *Lei 9/2007 de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.*
- *Lei 30/1992 de 26 de novembro de Réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.*
- *Lei 7/1985 de 2 de abril, Reguladora das bases de réxime local.*
- *R.D. Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo que aproba o texto refundido da Lei reguladora de facendas locais.*
- *Ordenanza Municipal de Subvencións do Concello de Narón, (BOP 24 de decembro de 2015).*
- *Informe Xurídico de Secretaría.*
- *Bases de execución do orzamento municipal para o exercicio 2016.*

Por todo o exposto, a Xefa do Servizo Sociocomunitario, Yolanda Martínez García, propón á Concelleira Delegada de Participación Cidadá, que eleve a proposta a Xunta de Goberno Local o seguinte acordo:

1º Aprobar a convocatoria pública de subvencións a asociacións e outras entidades de ámbito municipal correspondente ao exercicio 2016, *de acordo coa Ordenanza Xeral Municipal de Subvencións do Concello de Narón, así como ao establecido nos seguintes puntos:*

Obxecto, condicións e finalidade da convocatoria:

A convocatoria ten por obxecto a concesión de subvencións ou axudas públicas municipais para actuacións e programas nas áreas socioeducativa, sociocultural, de igualdade, de persoas con discapacidade e persoas con drogodependencias, de infancia, de inmigración e minorías étnicas, de atención ás persoas maiores, de prestación de servizos locais básicos, de participación cidadá, de mocidade, medioambiental, de saúde, a asociacións e outras entidades sen ánimo de lucro que se enmarquen nas liñas de actuación das referidas áreas, durante o exercicio 2016, que deberá suxeitarse ás condicións e finalidade contempladas na Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Narón.

Réxime de compatibilidade:

As subvencións concedidas serán compatibles con outras subvencións, axudas ou ingresos coa mesma finalidade, procedentes de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais, sempre que a totalidade das axudas non supere o custo da actividade a desenvolver polo beneficiario.

CONCELLO DE NARÓN
Praza de Galicia, s.n. · 15570 · Narón · A Coruña · CIF: P 1505500 G · Tel.: 981 337700 · Fax: 981337701 · www.naron.es

Será incompatible a concesión de outra subvención para o mesmo proxecto, por outra área ou concellería do Concello de Narón.

Procedemento de concesión:
A concesión de subvencións á que se refire a presente convocatoria efectúase en réxime de concorrencia competitiva con subxección ao procedemento establecido na Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Narón, e no que non estea contemplado nela polo contido da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, no R.D. 887/2006 regulamento que a desenvolve, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Aplicación orzamentaria e contía total da mesma:
As subvencións que se concederán na presente convocatoria efectuaranse con cargo ao orzamento do Concello de Narón para o exercicio 2016, aplicación orzamentaria 19/92400/48001, polo importe máximo de 40.000,00 euros

Beneficiarios:
Poderán solicitar as axudas, as asociacións e institucións de carácter social e outras entidades sen ánimo de lucro, que reúnan os requisitos xerais esixidos no art. 3 da Ordenanza xeral de subvencións do Concello de Narón. Deberán estar legalmente constituídas e inscritas no Rexistro municipal de Entidades cidadás do Concello cos datos actualizados no momento de presentar a solicitude, e ter debidamente xustificadas as axudas ou subvencións concedidas en anos anteriores polo Concello, se é o caso, tal como se establece no art. 3.1.4 da Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Narón.

Lugar, prazo, e documentación para a presentación de solicitudes:
As solicitudes presentaranse no Rexistro Xeral do Concello, conforme ao modelo oficial facilitado polo Concello, asinadas polo presidente/a da asociación ou entidade, ou por calquera outro dos medios previstos no artigo 38 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificado pola Lei 4/99, do 13 de xaneiro.

O prazo de presentación de solicitudes será de 30 días naturais contados desde o día seguinte ao da publicación desta convocatoria no BOP.

Á solicitude, segundo o modelo oficial facilitado polo Concello, deberá acompañarse:

- *Declaración de actividades no ano anterior e actual (modelo SUB01B).*
- *Memoria descritiva por cada actividade que se pretende desenvolver para os fins que se perseguen, denominación de cada actividade, destinatarios (idades estimadas e perfil), recursos humanos utilizados, (nome e apelidos ou razón social da empresa prestadora dos servizos, perfil profesional e custo por hora ou mensual), recursos materiais (instalación utilizada e útiles e materiais), lugar e datas de celebración, e número de participantes ou beneficiarios, se é o caso (modelo SUB01C).*
- *Certificación da existencia de conta bancaria (modelo SUB01D).*
- *Orzamento de gastos e ingresos totais (modelo SUB01E).*
- *Certificación do acordo de solicitude e nomeamento de representante (modelo SUB01F).*
- *Declaración de non contravir o regulado no artigo 13 da Lei 38/2003, Lei xeral de subvencións (modelo SUB01G).*
- *Certificación de haber presentado a xustificación da última subvención concedida polo Concello de Narón (modelo SUB01H)*
- *Fotocopia compulsada dos estatutos da asociación ou entidade adaptados á Lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo, se non obran no Rexistro municipal de Entidades cidadás do Concello.*
- *Declaración responsable do Presidente da entidade de estar ao corrente coa Axencia Tributaria, coa Seguridade Social, coa Axencia Tributaria de Galicia e co Concello de Narón (Anexo A3).*
- *Declaración responsable do Presidente da entidade de non ter pendente de pago obrigas por reintegro de subvencións (Anexo A5)*
- *Caso de ter solicitado doutro organismo subvención para a realización dos mesmos programas e actividades, deberase achegar a declaración da solicitude con expresión da data, concepto e contía desta. Igualmente, sinalarase cales foron concedidas e cales están pendentes de resolución (modelo SUB01K).*

Publicidade:

CONCELLO DE NARÓN
Praza de Galicia, s.n. · 15570 · Narón · A Coruña · CIF: P 1505500 G · Tel.: 981 337700 · Fax: 981337701 · www.naron.es

A entidade solicitante queda obrigada a deixar constancia da colaboración do Concello de Narón, así como a facelo constar na publicidade que dea aos seus programas de actividades ou accións, de acordo co modelo facilitado polo Concello.

***Criterios de adxudicación das subvencións**:*
Serán criterios de valoración de acordo co art. 8 da Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Narón, os seguintes:

- *Interese xeral da actividade para o municipio. Ata 10 puntos.*
- *Déficit de actividades análogas no municipio. Ata 10 puntos.*
- *Actividades que sen a subvención serían de difícil execución: Ata 10 puntos*
- *Número de destinatarios aos que vai dirixida. Ata 10 puntos.*
- *Achegamento de financiamento propio, como mínimo do 30%. Ata 10 puntos*
- *Carácter innovador do programa. Ata 10 puntos.*
- *Carácter puntual ou continuo da actividade a subvencionar. Ata 10 puntos.*
- *Desenvolvemento e consolidación de rueiros ou lugares de parroquias do Concello de Narón, como espazo con idiosincrasia propia. Ata 10 puntos.*
- *Contribuír a unha programación da calidade: Ata 10 puntos.*
- *Congruencia de programación, e dos obxectivos estatutarios da entidade: Ata 10 puntos*
- *Calidade e cumprimento formal do expediente que facilita a economía da tramitación. Ata 10 puntos.*
- *Presenza da muller nos órganos directivos das entidades. Ata 10 puntos*

Órganos competentes para a instrución e resolución do procedemento:
A Xunta de Goberno Local acordará a concesión ou denegación das subvencións, a proposta do órgano instrutor, co informe previo da Comisión de Valoración segundo o procedemento establecido na Lei 38/2003, xeral de subvencións, Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, e Ordenanza xeral de subvencións do Concello de Narón.

O prazo máximo para resolver e notificar a resolución do procedemento non poderá exceder de seis meses, contados a partir do día da finalización do prazo establecido nesta convocatoria de presentación de solicitudes. O silencio da Administración terá carácter desestimatorio.

***Comisión de Valoración**:*
A Comisión de Valoración estará formada por:

- *O/A Concelleiro/a delegado/a de Participación Cidadá*
- *A Xefa do Servizo Sociocomunitario*
- *Un Técnico de Xestión do Servizo Sociocomunitario*

Pago da subvención:
As subvencións concedidas por importe inferior a 3.000,00 €, ou referidas a programas de acción social, serán pagadas anticipadamente, sen necesidade de constituir garantía a favor do órgano concedente.

O aboamento das subvencións de importe igual ou superior a 3.000,00 €, non referidas a programas de acción social, realizarase unha vez xustificada a realización da actividade ou proxecto subvencionado.

Prazo e forma da xustificación da subvención:
O prazo para presentar a xustificación será dende o 1 de xaneiro de 2017 ata o 31 de xaneiro de 2017. A xustificación deberá axustarse ao establecido no art. 10 da Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Narón.

***Gastos subvencionable**:*
Se considerarán gastos subvencionables aqueles que respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen entre o 1 de xaneiro de 2016 e o 31 de decembro de 2016.
Admitiranse como gastos subvencionables os gastos de funcionamento da entidade (material de oficina, gastos de comunicación, agasallos, etc…) ata un máximo do 20 % do gasto total.

Notificación e recursos:
A resolución que conceda ou denegue a subvención será notificada á entidade solicitante.

CONCELLO DE NARÓN
Praza de Galicia, s.n. · 15570 · Narón · A Coruña · CIF: P 1505500 G · Tel.: 981 337700 · Fax: 981337701 · www.naron.es

A resolución ditada poñerá fin á vía administrativa.
Contra o acordo que adopte a Xunta de Goberno Local, ou denegación por silencio administrativo, cabe interpoñer con carácter potestativo recurso de reposición no prazo dun mes ante a Xunta de Goberno Local, ou ser impugnado directamente ante a Orde Xurisdicional Contencioso-Administrativa no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción da notificación da resolución, ou ao seguinte que se considere desestimado por silencio administrativo.

Reformulación:
Unha vez notificada a resolución recaída, e dentro do prazo outorgado de dez días desde a notificación da resolución, se a cantidade concedida é inferior á solicitada, a entidade poderá reformular a súa solicitude, despois de aceptar as condicións referidas na proposta, debendo achegar o proxecto adaptado co novo orzamento, respetando o obxecto, condicións e finalidade da subvención.

A nova solicitude remitirase á Comisión de Valoración para novo ditame, e será obxecto de resolución polo mesmo órgano que ditou a resolución de concesión.

Regulación supletoria:
En todo o non previsto na presente convocatoria, a concesión / denegación destas subvencións regularase polo disposto na Lei 38/2003 xeral de subvencións, no R.D. 887/2006 regulamento que a desenvolve, na Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, así como pola Ordenanza xeral de subvencións do Concello de Narón.

Publicación do anuncio da convocatoria:
A presente convocatoria remitirase á Base de Datos Nacional de Subvencións para a súa publicación no BOP, ademais de ser exposta na páxina web e no taboleiro de edictos do Concello. Publicarase un extracto da mesma no xornal de máxima difusión con indicación do obxecto e finalidade das subvencións, requisitos para formular as solicitudes, lugar e prazo de presentación de solicitudes, e a oficina municipal onde se poden obter as solicitudes."

Logo de ver dito informe, fiscalizado favorablemente pola Intervención Xeral de conformidade o día 19 de setembro de 2016, a Concelleira Delegada de Participación Cidadá propón:

1º. Aprobar a proposta transcrita nos seus propios termos.
VOTACIÓN E ACORDO.- A Xunta de Goberno Local, por unanimidade e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita.

5 .- PROPOSTA DE ACEPTACIÓN DE SUBVENCIÓN CONCEDIDA POLA CONSELLERÍA DE POLITICA SOCIAL PARA INFORMACIÓN XUVENIL ANO 2016..-

Vista a proposta formulada que di asi: A Xefa do Servizo Sociocomunitario Municipal con data 21-09-2016 emitíu o informe con proposta á Xunta de Goberno Local (documento aupac SSO10I1MW), que textualmente dí:

"Asunto: Aceptación da Subvención concedida pola Conselleria de Política Social para a promoción da Información Xuvenil e para a realización de actividades dirixidas a xuventude, no ámbito da educación formal e a participación no ano 2016, ao abeiro da orde 21 de abril de 2016, publicada no dog. Nº 84.

A xefa do Servicio do Servicio Sociocomunitario Municipal que subscribe Yolanda Garcia Martinez , en relación co expediente relacionado no asunto emite o seguinte informe proposta:

ANTECEDENTES:

A Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o 26/05/2016 aprobou solicitar a subvención á Consellería de Política Social ao abeiro da orde do 21 de abril de 2016, publicada no DOG nº 84, para a promoción da información xuvenil e para a realización de actividades dirixidas á xuventude no ámbito da educación non formal e da participación durante o ano 2016, co obxecto de cofinanciar o proxecto municipal presentado, denominado "MOCIPARTI" 2016.

Con data do 16/09/2016 tivo entrada no rexistro desde concello a concesión da subvención indicada por un importe de 2.873,17€. No documento enviado, figura como requisito xustificar a totalidade do proxecto subvencionado antes do 20/10/2016.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS:

CONCELLO DE NARÓN
Praza de Galicia, s.n. · 15570 · Narón · A Coruña · CIF: P 1505500 G · Tel.: 981 337700 · Fax: 981337701 · www.naron.es

-Lei 38/2003 de 17 de novembro xeral de subvencións.

-lei 9/2007 de subvencións de Galicia.

-RD 887/226 que desenvolve a LXS.

-orde do 21 de abril de 2016, publicada no DOG nº 84.

A VISTA DO ANTERIOR, A XEFA DO SERVIZO SOCIOCOMUNITARIO INFORMA A CONCELLEIRA DELEGADA EN MATERIA DE MOCIDADE, PARA QUE PROPOÑA A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, A APROBACIÓN DAS SEGUINTES PROPOSTAS:

1º Aceptar a subvención concedida polo importe de 2.873,17€ pola Consellería de Política Social ao abeiro da orde do 21 de abril de 2016, publicada no DOG nº 84, para a promoción da información xuvenil e para a realización de actividades dirixidas á xuventude no ámbito da educación non formal e da participación durante o ano 2016.

2º O financiamento da subvención queda como se detalla no cadro de custes e financiamento:"

Importe total do proxecto		*22.604,07€*
Achega do Concello –Aplicación orzamentaria 24/23100	*10.000,00€*	
Achega do Concello–Aplicación orzamentaria 15/33401/22799 operación contable D=27/16	*9.730,90€*	*19.730,90€*
Subvención concedida pola Conselleria de Politica Social		*2.873,17€*

Logo de ver a toma de razón por intervención (doc aupac ICO10I066) de data 21-9-2016 de 2016, a Concelleira delegada en materia de Mocidade, propón a Xunta de Goberno Local a aprobación antedita.
VOTACIÓN E ACORDO.- A Xunta de Goberno Local, por unanimidade e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita.

6 **.- PROPOSTA DE APROBACIÓN DE CONVENIO DE COLABORACIÓN COA ASOCIACIÓN GALEGA DE APICULTURA.**.- Vista a proposta formulada que di asi: A Xefa do Servizo Sociocomunitario Municipal con data 07-09-2016 emitíu o informe con proposta á Xunta de Goberno Local (documento aupac SSO10I1J6), que textualmente dí:

"INFORME-PROPOSTA DA XEFE DO SERVIZO SOCIOCOMUNITARIO MUNICIPAL
ASUNTO: Aprobación do convenio a suscribir no ano 2016, coa entidade Asociación Galega de Apicultura, en materia de Actividades Medioambientais.

A funcionaria municipal que subscrebe,Yolanda Martínez García, Xefa do Servizo Sociocomunitario Municipal, en relación co expediente relacionado no asunto emite o seguinte informe-proposta :

ANTECEDENTES.
O Concello de Narón leva varios anos desenvolvendo programas medioambientais entre os que atopamos os centrados no mundo da apicultura.

No marco das competencias que ten atribuídas pola Lei de Bases de Réxime Local e dentro das liñas estratéxicas establecidas nos seus orzamentos anuais, manifesta o seu compromiso de promover o desenvolvemento de actividades medioambientais no seu municipio.

Analizada a necesidade e oportunidade da posta en marcha de varios programas relacionados coa apicultura, o Concello de Narón ve a necesidade de continuar desenvolvendo esta acción a través dun convenio de colaboración, xa que é imposible executar estas actuacións cos medios dos que dispón actualmente o Concello e resulta difícil realizar unha convocatoria pública para a execución dos programas.

CONCELLO DE NARÓN
Praza de Galicia, s.n. · 15570 · Narón · A Coruña · CIF: P 1505500 G · Tel.: 981 337700 · Fax: 981337701 · www.naron.es

A Asociación Galega de Apicultura é unha entidade sen ánimo de lucro creada en 1980, con sede en Narón, con coñecemento especializado na apicultura, e que ven desenvolvendo actividades especializadas na comarca desde a súa creación, polo que se considera idónea para dar continuidade á execución do programa a desenvolver.

Para a subscripción do referenciado convenio existe crédito Axeitado e suficiente na aplicación Orzamentaria 14/17000/48000
FUNDAMENTOS XURÍDICOS:
-
A VISTA DO ANTERIOR, A XEFA DO SERVIZO SOCIOCOMUNITARIO MUNICIPAL, INFORMA AO CONCELLEIRO DELEGADO EN MATERIA DE MEDIO AMBIENTE PARA PROPOÑA A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, A ADOPCIÓN DAS SEGUINTES PROPOSTAS:

1ºAprobar o convenio de colaboración entre o Concello de Narón e a entidade Asociación Galega de Apicultura (Delegación Ferrol), en materia de Actividades Medioambientais, co obxecto de desenvolver o convenio en Narón no ano 2016.

2ºAprobar o gasto derivado do antedito convenio por importe de 5.000,00€, para o cal existe crédito Axeitado e suficiente na aplicación Orzamentaria 14/17000/48000."

Logo de ver o informe de intervención(doc aupac INT10I0YU)de data 20-9-2016 de 2016, Fiscalizado de conformidade, O Concelleiro delegado en materia de Actividades Medioambientais, propón a Xunta de Goberno Local a aprobación antedita.

VOTACIÓN E ACORDO.- A Xunta de Goberno Local, por unanimidade e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita.

7 **.- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO PADRÓN DE CONTRIBUINTES POR AUGA, SANEAMENTO, CANON DE AUGA, ALUGUER DE CONTADOR E LIXO, CORRESPONDENTE AO 3º TRIMESTRE DO ANO 2016**.- Vista a proposta formulada que di asi:
Unha vez confeccionado, pola Compañía de Servicios Medioambientales do Atlántico S.A. (COSMA), o padrón de contribuíntes por auga, saneamento, canon de auga, aluguer de contador e lixo, correspondente ao **3º trimestre do ano 2016**, proponse á Xunta de Goberno o seguinte:
Primeiro: Aprobar o padrón de contribuíntes por auga, saneamento, canon de auga, aluguer de contador e lixo, correspondente ao 3º trimestre do ano 2016, que comeza por "1906, SC" e remata por Zoila Castro de Blas, cos seguintes importes:

AUGA	445.856,65 euros
SANEAMENTO	263.255,55 euros
CANON DE AUGA	160.715,28 euros
ALUGUER DE CONTADOR	8.490,08 euros
IVE	72.724,32 euros
LIXO	701.713,67 euros
TOTAL	**1.652.755,55 euros**

Segundo: De acordo co disposto no artigo 75 da ordenanza fiscal xeral de xestión, recadación e inspección, o padrón será exposto o público durante un prazo de quince días, que se contarán a partir do día seguinte da publicación do anuncio no BOP. O anuncio de publicación ten os efectos de notificación colectiva, ao abeiro do disposto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, xeral tributaria, e artigo 24 do RXR.

O prazo de cobro, en período voluntario, será de dous meses, e comprenderá dende o 1 de outubro ata o 1 de decembro, ámbolos dous inclusive. Transcorrido este prazo, procederase a esixir os xuros de mora e os

CONCELLO DE NARÓN
Praza de Galicia, s.n. · 15570 · Narón · A Coruña · CIF: P 1505500 G · Tel.: 981 337700 · Fax: 981337701 · www.naron.es

recargos que establecen os artigos 26 e 28 da Lei xeral tributaria e, no seu caso, as costas derivadas do procedemento de prema.

Terceiro: Durante o periodo de exposición pública os interesados poderán examinar o padrón e interpoñer as reclamacións ou alegacións que consideren pertinentes ante a Xunta de Goberno Local.

Cuarto: Finalizado o prazo de exposición pública os interesados poderán interpor recurso de reposición, segundo o disposto no artigo 14.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, no prazo DUN MES contado dende o día seguinte ao mesmo. Contra a resolución recaída no recurso de reposición poderán interpoñer, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Ferrol, recurso contencioso-administrativo, no PRAZO DE DOUS MESES contados dende o día seguinte ao da notificación da devandita resolución. De non recaer resolución no PRAZO DUN MES a contar dende o día seguinte ó da presentación do recurso de reposición, en virtude do disposto no artigo 14.2 do Texto Refundido da Lei das FFLL, entenderase desestimado, cos efectos xurídicos estabelecidos nos artigos 43 e 44 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, na súa nova redacción dada pola Lei 4/1999, de 13 de xaneiro. Con todo, se se considera conveniente, poderán utilizar e exercitar calquera outro recurso que estimen pertinente.

Quinto: A falta de pago no período voluntario suporá a esixencia do canon de auga directamente ao contribuinte pola vía de constrinximento pola Consellería competente en materia de Facenda da Xunta de Galicia. A repercusión do canon de auga poderá ser obxecto de reclamación económico- administrativa perante o órgano económico- administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia, no prazo dun mes dende que se entenda producida a notificación.

VOTACIÓN E ACORDO.- A Xunta de Goberno Local, por unanimidade e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita.

8 **.- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO PADRÓN FISCAL POR OVP CON MESAS, CADEIRAS E ELEMENTOS ANÁLOGOS CON FINALIDADE LUCRATIVA- ANO 2016.**.- Vista a proposta formulada que di asi: A Ordenanza Fiscal nº 27, reguladora da Taxa pola utilización privativa, ou aproveitamento especial do dominio público local, do ano 2016, no artigo 7, punto c), establece:
"Os aproveitamentos novos, poderán ser obxecto de autoliquidación, ou liquidación por exacción directa na Facenda municipal, en función do determinado no regulamento propio do servizo. Nos supostos de aproveitamentos permanentes, autorizados e prorrogados, de tracto periódico, incluiranse en padróns ou matrículas con remuneración o primeiro día do período natural sinalado na tarifa correspondente.

No caso da tarifa terceira, as posteriores cotas anualis serán esixibles dende o primeiro día do ano natural, se ben poderase elaborar un Padrón anual, tanto para aqueles aproveitamentos cuxo período impositivo sexa anual coma para aqueles que se soliciten por tempada, segundo o establecido na Ordenanza Xeral de Xestión, sendo obxecto de notificación colectiva. Non será necesario notificar expresamente as variacións que recollan o consignado en declaración ou documentos presentados polo contribuinte. É obligación do contribuinte comunicar calquera variación e solicitar a baixa no Padrón no momento que deixe de producirse o aproveitamento.

Para incluirse no Padrón deberá indicarse, na solicitude da licenza de ocupación, si a solicitan por un período exclusivamente ou si vai ter carácter periódico ou prorrogado".

E no artigo 6, cadro de tarifas, tarifa terceira:

TARIFA TERCEIRA: OVP POR MESAS, CADEIRAS, ELEMENTOS ANALOGOS CON FINALIDADE LUCRATIVA

CONCELLO DE NARÓN
Praza de Galicia, s.n. · 15570 · Narón · A Coruña · CIF: P 1505500 G · Tel.: 981 337700 · Fax: 981337701 · www.naron.es

Tarifa 3.1 Licenzas		
Epígrafes		**por MES**
3.1.1	Licenzas por ocupación por mesa e catro cadeiras	12,51 €
3.1.2	Licenzas por elementos análogos (antucas, paneis, xardineiras…)	3,57 €
3.1.3	Licenzas por ocupación con estruturas ficas de chan ou cubrición	3,13 €/m2
Tarifa mínima		
-A taxa final será a resultante da agregación das correspondentes a cada un dos epígrafes que sexan de aplicación. -As licenzas outorgaranse por períodos anuales, como máximo, e dentro do mesmo exercizo (1 de xaneiro a 31 de decembro) -A taxa máxima aplicable ás tarifas 3.1.1, 3.1.2, e 3.1.3 será a correspondente a 6 meses, ata acadar o ano de duración.		
*Non están incluidos nos elementos análogos: estufas, bocois (sempre que non se acompañen de cadeiras)		

O artigo 73 da Ordenanza Fiscal nº 1, xeral de xestión, recadación e inspección, indica: "1.Unha vez constituido o padrón de contribuintes, só as altas, baixas e alteracións que no mesmo teñan un lugar deberán ser aprobadas en virtude de acto administrativo reclamable e notificadas en forma legal aos suxeitos pasivos.

2. Os contribuintes estarán obrigados a por en coñecemento da Administración municipal, dentro do mes natural seguinte a aquel en que se produza, toda modificación sobrenvida que poida orixinar alta, baixa ou alteración no padrón.

3. A omisión da anterior obrigación dará lugar a que o Concello teña dereito a cobrar a exacción de modo e forma que no padrón consta.

E o artigo 75: "1.Os padróns, matrículas ou rexistros someteranse cada ano á aprobación da Xunta de Goberno Municipal. O período de exposición ao público será de 15 días hábiles para o exame por parte dos interesados lexitimos.

2.A exposición ao público dos padróns e matrículas producirá os efectos de notificación das liquidacións de cotas que figuren consignadas para cada acto dos interesados, podendo interpor contra os devanditos actos un recurso de reposición, previo ao contencioso-administrativo, no prazo dun mes a partir do día seguinte ao da finalización do período de exposición pública. Os padróns de contribuintes constituirán o documento fiscal ao que han de referirse as listas, recibos e outros documentos cobratorios para a percepción da pertinente exacción."

O artigo 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria, di: " Nos tributos de cobramento periódico por recibo, unha vez notificada a liquidación correspondente á alta no respectivo rexistro, padrón ou matrícula, poderán notificarse colectivamente as sucesivas liquidacións mediante edictos que así o advirtan"

Á vista da información aportada polo Servizo de Urbanismo deste Concello, proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Aprobar o padrón de contribuintes da taxa por ocupación de vía pública por mesas, cadeiras, elementos análogos con finalidade lucrativa do ano 2016:

CONCELLO DE NARÓN
Praza de Galicia, s.n. · 15570 · Narón · A Coruña · CIF: P 1505500 G · Tel.: 981 337700 · Fax: 981337701 · www.naron.es

SEGUNDO.- O Padrón quedará exposto ao público no Concello durante o prazo de 15 DÍAS, a contar dende o día seguinte á publicación do Edicto no BOP da provincia da Coruña. O anuncito ten o carácter de notificación colectiva ao abeiro do disposto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, xeral tributaria, e o artigo 24 do RXR.
O prazo de cobro en período voluntario será de dous meses, e comprenderá dende o día 3 de outubro de 2016 ata o día 3 de decembro de 2016, ámbolos dous inclusive. Transcorrido este prazo, procederase a esixir os xuros de mora e os recargos que establecen os artigos 26 e 28 da Lei xeral tributaria e, no seu caso, as costas derivadas do procedemento de prema.

TERCEIRO.- Durante o período de exposición pública, contra as liquidacións incorporadas aos padróns, todos os interesados poderán interpor as reclamacións ou alegacións que consideren pertinentes ante esta Xunta de Goberno Local.

CUARTO.- Finalizado o prazo de exposición pública, os interesados poderán interpor recurso de reposición, segundo o disposto no artigo 14.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, no prazo DUN MES, contado dende o día seguinte ao mesmo. Contra a resolución recaída no recurso de reposición poderán interpoñer, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Ferrrol, recurso contencioso-administrativo, no prazo de DOUS MESES, contados dende o día seguinte ao de notificación da devandita resolución. De non caer resolución no prazo DUN MES, a contar dende o día seguinte ao da presentación do recurso de reposición, en virtude do disposto no artigo 14.2 do Texto Refundido da Lei das Facendas Locais, entenderase desestimado, cos efectos xurídicos establecidos nos artigos 43 e 44 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común, na súa nova redacción dada pola Lei 4/1999, de 13 de xaneiro. Con todo, si se considera convinte, poderán utilizar e exercitar calquera outro recurso que estimen pertinente.
VOTACIÓN E ACORDO.- A Xunta de Goberno Local, por unanimidade e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita.

9º.- ROGOS E PREGUNTAS

Non se formularon.
E non habendo máis asuntos que tratar, a Presidencia levanta a xuntanza, sendo as 11:20 horas da data indicada na cabeceira, en proba de todo o que se estende a presente acta que é asinada polo Sr. Alcalde comigo o secretario xeral que DÁ FE.
V. e pr.

O ALCALDE-PRESIDENTE

Concello de Narón · Alcaldía

Asdo.- JOSE M. BLANCO SUÁREZ

O SECRETARIO XERAL

Concello de Narón · Secretaría

Asdo.- ALFONSO DE PRADO FERNÁNDEZ-CANTELI

CONCELLO DE NARÓN
Praza de Galicia, s.n. · 15570 · Narón · A Coruña · CIF: P 1505500 G · Tel.: 981 337700 · Fax: 981337701 · www.naron.es